



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA

A
POR
TA
ABER
TA

ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO DO VIXÍA - A CORUÑA

RESUMO EXECUTIVO



Fagamos o Camiño do Vixía

Proceso participativo para mellorar as rúas de Monte Alto

Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda
Concello da Coruña

Concello de A Coruña

Xuño de 2017

**ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL
NO CAMIÑO DO VIXÍA - A CORUÑA**

Fagamos o Camiño do Vixía

Proceso participativo para mellorar as rúas de Monte Alto

Resumo executivo

Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda
Concello da Coruña - Xunio de 2017

Deseño e coordinación

Verónica Martínez Vázquez
Mateus Porto Schettino

Facilitación

Martín Vázquez Añel

Colaboración


Alejandro Rodríguez González
Lourdes Vázquez Vidal

Índice

1. ANTECEDENTES	7
2. METODOLOXÍA E OBXECTIVOS.....	8
3. PÚBLICO PARTICIPANTE.....	9
4. SÍNTESE DE ACTIVIDADES	10
5. CONCLUSIÓN.....	22
5.1. O TRAZADO DO CAMIÑO E A MEMORIA COLECTIVA.....	22
5.2. PARTICIPACIÓN	22
5.3. DIAGNÓSTICO: Auditoría Peonil	23
5.4. PROPOSTAS: Alternativas de Deseño e Urbanización	25
5.5. APRENDIZAXES E PRÓXIMOS PASOS	28

1. ANTECEDENTES

Este estudo encádrase dentro do proceso para a mellora do espazo público de Monte Alto, promovido pola Concellería de Rexeneración Urbana da Coruña. A iniciativa de adecuar as rúas mellorando a accesibilidade peonil e a calidade estancial toma forma nun traxecto concreto, central e vertebrador do barrio.



Trazado do Camiño sobre planimetría actual, elaborado polos servizos técnicos do Concello

Actualmente o Camiño do Vixía presenta unha preponderancia do tráfico motorizado individual sobre a circulación de persoas andando, en bicicleta ou no transporte público. A hexemonía do automóbil privado ao longo do Camiño, tamén resta calidade ambiental e impide o desenvolvemento doutras actividades sociais que teñen na rúa seu lugar por excelencia, como son o encontro e as relacións interpersoais, a conversa, o xogo ou a estancia contemplativa.

Co fin de reverter esa situación, os servizos técnicos do Concello asumen a tarefa de redactar proxectos de urbanización que reordenen a superficie da sección viaria en cada un dos treitos do Camiño do Vixía, modulando de forma conveniente a convivencia entre os diferentes modos de mobilidade e actividades estanciais.

Este tipo de mellora do espazo debe atender a aspectos técnicos e ambientais, pero tamén sociais e políticos. Para o éxito da iniciativa e o alcance do seu obxectivo primordial, que é mellorar a calidade de vida da poboación, é fundamental contar coa implicación da veciñanza.

2. METODOLOXÍA E OBXECTIVOS

Para recompilar a información relativa aos conflitos entre diferentes medios de mobilidade, centrados nos usos peonís e estanciais das rúas, optouse pola realización dun proceso de participación cidadá, que permitise coñecer a situación das rúas de Monte Alto.

O obxectivo principal consiste na recollida e análise colectiva de información para formular, entre os participantes no proceso, alternativas para a mellora da accesibilidade peonil no ámbito.

O método de traballo empregado parte da memoria colectiva e o recoñecemento de lugares singulares e cotiáns na cartografía do barrio, pasa por unha auditoría do itinerario e a priorización de intervencións e lugares, e finaliza con propostas colectivas de deseño urbano para a mellora dos ámbitos considerados prioritarios.



Estes pasos metodolóxicos desenvolvéronse a través de tres tipos de actividades:

- Foros de debate e charlas con veciñas e veciños de Monte Alto.
- Paseo crítico polas rúas que conforman o Camiño do Vixía e Obradoiros creativos.
- Reunións co equipo político e técnico do Concello responsable do proxecto.



O proceso participativo formulouse cos seguintes obxectivos:

- Promover o intercambio de ideas sobre o estado e uso do espazo público no barrio.
- Traballar coa memoria colectiva e o sentimento de apropiación do espazo polas veciñas e veciños.
- Concienciar sobre o potencial de mellora da calidade de vida relacionada cos hábitos de mobilidade más saudables e cun espazo público más habitable e equitativo.
- Presentar e someter a discusión coas veciñas e veciños de Monte Alto as primeiras ideas do Concello para a mellora do espazo público do barrio.
- Formular propostas para a mellora da mobilidade a pé e a habitabilidade nas rúas.

3. PÚBLICO PARTICIPANTE

Cómpre sinalar neste punto o carácter aberto de todas as actividades participativas enmarcadas no proceso do Camiño do Vixía. Como xa se mencionara previamente, o obxectivo principal deste proceso era dar conta da diversidade de opinións, ideas e propostas destinadas á mellora do espazo público e da mobilidade do barrio de Monte Alto.


Con este obxectivo en mente, dende un primeiro momento se contactou coa totalidade de entidades asociativas identificadas no distrito postal 15002 (Asociacións veciñais, de comerciantes e hostalería, culturais, de carácter social, deportivas e xuvenís, etc.) así coma con outras que teñen relación directa coa mobilidade ou accesibilidade (GRUMICO, Stop Accidentes, etc.) e cos centros educativos no ámbito de influencia directa do Camiño do Vixía: o CEIP Curros Enríquez; o CEIP Sanjurjo de Carricarte; e o CEIP Víctor López Seoane.

Este contacto fixose tanto por correo electrónico (informando da celebración dos sucesivos encontros), chamadas telefónicas (recordatorios) e de visitas coas que se procuraba a creación dun clima de confianza, implicación e cooperación, especialmente para os centros educativos, identificados como axentes clave dentro do proceso.

Datos de participación nas diferentes actividades do proceso:

Actividade	Participantes	Homes	Mulleres	Pessoas adultas	Nenas e nenos
1º Foro	22	16	6	22	-
Obradoiro Roteiro	30	16	14	25	5
2º Foro	20	9	11	20	3
Obradoiro Deseño	22	10	12	19	3
3º Foro	42	12	30	26	16
Total %	100%	46%	54%	82%	20%

Táboa síntese de participantes por actividades



Gráficas de reparto de participantes por xénero e idade


4. SÍNTESE DE ACTIVIDADES

Actividade	Fecha
1º Foro: Entremos a falar do Camiño	25 de novembro de 2016
Participantes	Lugar
22 persoas. Veciñas e veciños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	CEIP Sanjurjo de Carricarte
Programa	
<p>1. Benvida aos participantes 2. Presentación do Proxecto: <i>O Camiño do Vixía na rexeneración urbana de proximidade.</i> 3. Presentación do Proceso Participativo 4. Mesas de traballo en grupos e sobre planos 5. Posta en común: exposición de resultados</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Presentar o proxecto e o proceso de participación. Compartir experiencias sobre o barrio e o Camiño. Recoñecer e valorar lugares de interés.</p>	<p>Experiencias e impresións compartidas. Planos de traballo con trazados, valoración localizada e anotacións. Plano e táboa síntese de lugares valorados positivamente e negativamente.</p>
Conclusións	
<p>A historia do Vixía e o seu Camiño xera na veciñanza identidade e interese pola mellora das rúas do barrio. Hai unha forte vinculación das persoas coa contorna urbana recoñecida como Monte Alto. O trazado do itinerario corrobórase pola cidadanía.</p>	<p>En xeral valóransen positivamente as prazas, os parques, a contorna natural e os equipamentos públicos. E negativamente as rúas, cruces e aparcamentos.</p>



	
Lugares que gustan. Agradables, bonitos, seguros...	Lugares que non gustan. Desagradables, feos, perigosos...
Paseo Marítimo Praia do Matadoiro Praia das Lapas Cemiterio dos Mouros Parque do Cemiterio de San Amaro Parque Carlos Casares Parque Avenida de Navarra Contorna da Torre de Hércules Campos de fútbol da Torre Piscina de San Amaro Hortas Campo de Artillería Campo da Leña Campo de Marte* Praza Indalecio Prieto Acuario Domus Centro Cívico Centro Social A Comuna Casa de Luís Suárez	Av. de Hércules diante do Mercado Paseo dos Menhires Rúa da Torre Rúa de Doutor Ferrant Rúa Alcalde Sanjurjo Rúa Beiramar Rúa Marola Rúa San Roque Cruce Av. de Hércules e Ramón del Cueto Cruce Rúa da Torre con Marconi Cruce Rúa Marconi co Mondoñedo Rotonda da Torre Rotonda do Campo da Leña Aparcamiento do Centro 3º grado e FP Aparcamiento da Torre Accesos CEIP Sanjurjo de Carricarte Campo de Marte* Cocheiras do tranvía Costa de Durmideiras Praza do Mercado de Monte Alto

Táboa síntese da valoración de lugares do barrio.



Plano síntese da valoración de lugares do barrio.

Actividade	Fecha
Roteiro Creativo: <i>Saiamos a pasear</i>	26 de novembro de 2016
Participantes	Lugar
30 persoas. Veciñas e vecíños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	Rúas de Monte Alto
Programa	
<p>1. Benvida aos participantes: Saída do Campo de Marte.</p> <p>2. Paseo: Percorremos as rúas do barrio avaliando cada lugar, as razóns e as posibles melloras.</p> <p>3. Peche no Vixía: Subimos ao Monte do Vixía para merendar e comentar resultados.</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Dar visibilidade pública ao proceso.</p> <p>Compartir experiencias sobre o barrio e o Camiño.</p> <p>Recoñecer e valorar lugares de interese.</p> <p>Comprobar in situ as achegas do Foro anterior.</p> <p>Diagnóstico colectivo.</p> <p>Clarificar os retos.</p>	<p>Experiencias e impresións compartidas.</p> <p>Visualización e intercambio con transeúntes.</p> <p>Planos de traballo con percorrido e valoración.</p> <p>Mapeado colectivo de lugares de interese.</p> <p>Identificación de principais problemas para a mobilidade a pé.</p>
Conclusións	
<p>As rúas e cruces do barrio son desagradables, pouco accesibles e nalgúns casos ata perigosos.</p> <p>A visión positiva limitáse a determinadas prazas e zonas verdes, non libres de críticas.</p>	<p>Dende o punto de vista peonil os problemas de cantidade e calidade do espazo repítense ao longo do Camiño: beirarrúas inaccesibles, pasos peonís inexistentes ou mal situados, illotes desaproveitados, falta de mobiliario e vexetación, aparcamento indiscriminado.</p>



Actividade	Fecha
Concurso de debuxos e relatos: Aquí os nenos pintamos, e moito	De 9 xaneiro a 24 de febreiro de 2017
Participantes	Lugar
Comunidade Educativa: nenas e nenos, as súas familias, claustros e direccións dos dous colexios.	CEIP Sanjurjo de Carricarte CEIP Víctor López Seoane
Programa	
09/01. Lanzamento do concurso. Ata 20/01. Realización e selección de traballos nos coles. De 27/01 a 12/02. Valoración do Xurado. De 03 a 28/02. Exposición de debuxos Centro Cívico. 24/02. Acto de entrega de premios.	
Obxectivos	Resultados
Dar visibilidade e involucrar a comunidade educativa. Traballar coa memoria colectiva recuperando a figura e o lugar do Vixía. Fomentar á interacción entre xeracións e o sentimento de pertenza no barrio. Reflexionar sobre hábitos saudables e seguros nos desprazamentos cotiáns. Recoller ideas sobre o espazo público, atendendo á perspectiva infantil.	221 nenos e nenas participando e informando a familiares. Reflexión nas aulas para a selección de traballos. Recompilación da visión infantil a través de debuxos e relatos. Outorgáranse oito premios e todos os seleccionados recibiron un diploma e participaron na exposición no Centro Cívico.
Conclusións	
Os centros educativos son axentes estratégicos en procesos de transformación urbana. Hai gran interese entre nenas e nenos na mellora das rúas do seu barrio.	Os debuxos reflicten desexos dunha cidade menos gris, máis verde e humana.




Un dos debuxos seleccionados

Actividade	Fecha
2º Foro: Refagamos o Camiño	13 de xaneiro de 2017
Participantes	Lugar
20 persoas. Veciñas e veciños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	Centro Cívico de Monte Alto
Programa	
<p>1. Benvida aos participantes.</p> <p>2. Presentación: <i>Aprendizaxes e novidades.</i></p> <p>3. Charla: <i>Criterios sobre mobilidade e espazo público.</i></p> <p>4. Sesión de trabalho: <i>Elección de lugares e prioridades.</i></p> <p>5. Posta en común: Exposición xustificada de prioridades.</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Presentar resultados do 1º Foro.</p> <p>Discutir criterios de deseño e xestión de espazo público.</p> <p>Reflexionar sobre os ámbitos de actuación identificados e como recuperálos.</p> <p>Determinar prioridades de actuación xustificada con criterios consensuados no grupo.</p>	<p>Criterios e propostas xerais compartidas.</p> <p>Fichas de prioridades xustificadas por grupo.</p> <p>Listado e plano síntese de lugares e intervencións en orden de prioridade consensuada.</p>
Conclusións	
A Rúa da Torre ten prioridade máxima, pola súa centralidade e péssima condición actual.	Outras prioridades son cruces centrais con acceso ao transporte público e as contornas dos centros escolares, para reforzar a seguridade e o lecer da poboación infantil.



Imaxes e comentarios da sesión de traballo en grupo

Cada grupo expuxo a súa orde de prioridades que determinarían os lugares de traballo no obradoiro do día seguinte, e que quedaron ordenados así:



Plano dos ámbitos de actuación por orde de prioridade segundo participantes

PROCESO PARTICIPATIVO - CAMIÑO DO VIXIA

2º FORO CIDADÁN - REFACENDO O CAMIÑO **MELA 3**



AMBITOS	PRIORIDADE			XUSTIFICATIVA
	baixa	media	alta	
1. Rúa da Torre		X		<i>DESLIZAR TRÁFICO PEONIL</i> <i>Rúa da Torre peonil do Campodaleña ata Campo Norte.</i>
2. Cruce rúas da Torre e Curros Enríquez - Praza e parada Bus	X			<i>Nudo Movilidade Mixta</i>
3. Cruce Av. Hércules, Vereda do Polvorín e Ramón del Cueto	X			<i>REDUCCIÓN DRÁSTICA DO USO DE VEHÍCULOS ZONA MUY TRANSITADA A PÉ</i>
4. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Carmen e Lúa	X			<i>ACTUACIÓN ECONÓMICA</i> <i>TREITO PEONIL (BAIXA INTENCIÓN DE TRÁFICO PEDIDO ACTUAL)</i>
5. Cruce rúas Vereda do Polvorín, Areal e Santo Tomás	X			<i>TREITO PEONIL (IDEM ANTERIOR)</i>
6. Cruce rúas Marola, Doutor Ferrant e Suevia	X			<i>FAZER DA EXTREMADURA - ESTE RITA É MUY TRANSITADA POR PEONIS</i>
7. Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra – acceso CEIP Víctor López Seoane		X		<i>PRIORIZAR OCÉDO OS COLEXIOS. ACTUACIÓN SÍNCELA E LOW COST</i>
8. Cruce rúas Ártabra e Rolda de Monte Alto – Escaleirás	X			<i>Poco uso - é un rincón</i>
9. Cruce Travesía Colón e rúa Vixia – acceso a Vixia		X		<i>FINAL DO CAMIÑO. FOMENTAR CAMIÑO (SÍMBOlico) (SUBXETIVO)</i>
10. Rúa Alcade Sanjurjo – acceso CEIP Sanjurjo de Carricarte		X		<i>ACTUACIÓN SÍNCELA E DE PROTECCIÓN OS NIÑOS</i>

Ficha resultado do traballo en grupo para sinalar e xustificar a prioridade baixa, media ou alta de actuación nos ámbitos (ver Anexo II)

Actividade	Fecha
Obradoiro peonil: Recuperemos o Camiño	15 de xaneiro de 2017
Participantes	Lugar
22 persoas. Veciñas e veciños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	Centro Cívico de Monte Alto
Programa	
<p>1. Benvida aos participantes.</p> <p>2. Charla: <i>Ferramentas para a rexeneración do espazo público.</i></p> <p>3. Traballo en grupos: <i>Deseño colectivo de propostas de mellora.</i></p> <p>4. Posta en Común: Presentación dos proxectos realizados e debate.</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Presentar resultados do 2º Foro. Facilitar ferramentas de deseño e reivindicación para un espazo público de calidade.</p> <p>Analizar a información de cada zona a intervir, evidenciando os principais problemas.</p> <p>Deseñar e intercambiar solucións de mellora para os lugares priorizados no día anterior.</p>	<p>Formalización de propostas compartidas.</p> <p>Planos de diagnóstico e proposta de cinco lugares.</p> <p>Táboa resumen de medidas tipo propostas por lugar de interese.</p> <p>Mural-collage de nenas e nenos: que lles gusta e que non lles gusta encontrar no Camiño.</p>
Conclusións	
<p>O público participante mostrouse moi favorable a unha transformación baseada na prioridade peonil e do transporte público, co fomento do uso da bicicleta e restricións ao automóbil particular.</p> <p>A mestura de perfís en cada grupo de traballo favoreceu o debate e o enriquecemento de cada proposta.</p>	<p>Hai unha preocupación xeneralizada pola calidade do espazo público e poucas foron as voces a reclamar espazo para circular en coche ou aparcar.</p>

Imaxes e comentarios da charla e da presentacións de resultados



Planos dos proxectos resultantes do Obradoiro

Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta)




Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez




Cruce rúas Verea da Polvoreira, Areal e Santo Tomás



Rúa Alcade Sanjurjo (entre rúa Washington e Praza San Xosé)



Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane



Imaxes e comentarios da presentación de resultados

Actividade	Fecha
3º Foro: Contemos o Camiño	24 de febreiro de 2017
Participantes	Lugar
42 persoas. Veciñas e vecíños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	Centro Cívico de Monte Alto
Programa	
<p>1. Benvida aos participantes e visita á exposición.</p> <p>2. Presentación e debate dos resultados do proceso.</p> <p>3. Acto de entrega de premios concurso de debuxos.</p> <p>4. Como seguir. Proposta de <i>Sen Ánimo de Nome</i>.</p> <p>5. Peche da sesión: Aprendizaxes e próximos pasos.</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Presentar resultados e pechar o proceso de participación</p> <p>Discutir criterios de deseño e xestión do espazo público.</p> <p>Reflexionar sobre os ámbitos de actuación identificados e como recuperálos.</p> <p>Determinar prioridades de actuación xustificada con criterios consensuados no grupo</p>	<p>Criterios propostas xerais compartidas.</p> <p>Fichas de prioridades xustificadas por grupo.</p> <p>Listado e plano sínteses de lugares e intervencións en orden de prioridade consensuada.</p>
Conclusións	
A actividade cos centros escolares foi fundamental para achegar o proceso a un maior e más diverso número de persoas.	<p>Hai interese xeral pola mellora das rúas do barrio e por coñecer as medidas que poidan adoptarse proximamente.</p> <p>A cidadanía dispone a seguir participando pero demanda urxencia nas accións de mellora.</p>



Imaxes e comentarios da presentación de resultados e da entrega de premios

Actividade	Fecha prevista
Acción ciudadana: Prazas e Ruazas	Entroido de 2017
Participantes previstos	Lugar
42 persoas. Veciñas e vecíños a título individual e de colectivos, Concelleiros e técnicos municipais.	da Rúa da Torre desde a Travesía da Torre ata o cruce coa Rúa Curros Enríquez
Programa previsto	
<p>1. Presentación da Acción e o deseño do espazo: 24 de febreiro</p> <p>2. Construcción e inauguración 25 de febreiro</p> <p>3. Actividades durante o Entroido: concertos, choqueiros, espazos para o xogo...</p> <p>4. clausura Mércores de cinza, 1 de marzo.</p>	
Obxectivos	Resultados
<p>Planear e celebrar unha acción temporal nun espazo circulatorio ou de aparcamento recuperado</p> <p>Accións previstas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traslado da parada de taxis á beirarrúa par - Restricción temporal do estacionamento - Corte do acceso rodado á parada de taxis - Acondicionamento con vexetación, mobiliario e pintura no chan. 	<p>Finalmente a acción non foi realizada. Aínda que ben recibida pola veciñanza e o Concello, decidiuse realizarla noutra ocasión con máis tempo e recursos.</p>



Planos preparatorios da acción temporal

5. CONCLUSIÓNS

5.1. O TRAZADO DO CAMIÑO E A MEMORIA COLECTIVA

A historia do Vixía de Monte Alto e o seu Camiño mostrouse como unha idea con capacidade para xerar na veciñanza identidade e interese pola mellora das rúas do barrio.

Entre os participantes constatouse unha forte vinculación coa contorna urbana recoñecida como Monte Alto, a través da descripción das súas actividades cotiáns en lugares concretos (tramos de rúa e cruces, prazas e praías, equipamentos e tendas). Esta relación de proximidade apréciase tamén nas precisas descripcións da situación actual e movementos de persoas e vehículos polo barrio, así como do estado de conservación e localización de problemas de seguridade viaria ou accesibilidade universal.



Plano histórico co trazado do Camiño do Vixía

O trazado do itinerario, que ten en conta condicións topográficas e urbanísticas do barrio e resulta coherente co definido por instrumentos de planificación da cidade, conta tamén coa corroboración da cidadanía.

5.2. PARTICIPACIÓN

Aínda que nun primeiro momento, fíxose patente a diversidade de demandas existentes con respecto á mellora da mobilidade e da accesibilidade (dende as más favorables ao vehículo privado ata aquelas más proclives a outros modelos de mobilidade). A medida que o proceso avanzaba, aquellas voces más aliñadas coa importancia de manter espazos de estacionamento e confrontadas con hipotéticas accións de peonalización no barrio, foron abandonando o proceso, coa perda que supón para o intercambio de miradas.

Cómpre recalcar a importancia dos centros educativos como axentes claves en procesos de deseño urbano; ademais dos importantes fluxos xerados no seu entorno, a colaboración cos

seus equipos directivos permite a realización de actividades con nenas e nenos, de sensibilización, formación e obtención de ideas e propostas dun importante grupo de poboación.

5.3. DIAGNÓSTICO: Auditoría Peonil

En xeral as rúas e cruces do barrio son percibidos como lugares desagradables, pouco accesibles e nalgúns casos ata perigosos desde o punto de vista da seguridade viaria. Non hai ningunha rúa recoñecida como un lugar que guste ás veciñas e veciños.

A visión máis positiva limitase a determinadas áreas estanciais, prazas, pequenos parques e zonas verdes. Aínda así estes lugares non están libres de críticas sobre a urbanización e o estado de conservación

Problemas xeneralizados ao longo do Camiño

Beirarrúas inaccesibles

Ancho insuficiente.
Calzada sobredimensionada = velocidad excesiva e aparcadoiro en dobre fila.
Presenza de obstáculos, fochancas e desniveis.

Pasos peonís inexistentes ou mal situados

A ausencia de pasos de peóns é un problema grave e recorrente.
Moitos dos pasos existentes están mal situados.

Espazos infrautilizados e inaccesibles

Antigüidade da urbanización.
Necesidade de actualizar accesibilidade e sustentabilidade.
Iluminación insuficiente.
Lugares desaproveitados, con gran potencial para praciñas de proximidade: illotes ocupados por vehículos aparcados.
O Monte do Vixía como espazo potencial, abandonado e encerrado.

Falta mobiliario e vexetación

Carencia de árbores e outra vexetación e mobiliario urbano que sirva de apoio á estancia: bancos para sentar, fontes de beber, elementos para o xogo,...

Aparcamiento indiscriminado e ilegal

Os coches aparcados copan a paisaxe urbana de Monte Alto.
Aparcadoiro ilegal en dobre fila e cruces, especialmente nos tramos más comerciais que reducen a capacidade da vía, xeran conxestión, problemas de seguridade e entorpecen o paso de autobuses.

		TRAMO				
		Rúa da Torre - entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta	Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez	Cruce rúas Vereda do Polvorín, Areal e Santo Tomás	Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - CEIP Víctor López Seoane)	Rúa Alcade Sanjurjo - CEIP Sanjurjo de Carricarte
Problemas	Beirarrúa estreita	●	●	●	●	●
	Obstáculos en beirarrúa	●		●	●	
	Baches en beirarrúa				●	●
	Falta vexetación	●	●	●	●	●
	Falta mobiliario	●		●	●	●
	Conflictos contenedor			●	●	
	Falta o conflicto aparcabici	●		●	●	●
	Espacio infrautilizado / inaccesible			●	●	
	Efecto barrera	●	●	●		
	Falta Paso de peóns	●		●		●
	Aparcadoiro ilegal	●	●	●		●
	Falta prioridade peonil			●	●	●
	Velocidade excesiva.	●	●	●	●	●
	Conflictos carga /desc.	●				
	Falta Reserva PMR.	●		●		●
	Problemas parada bus		●	●		●

Táboa síntese dos problemas identificados en cada un dos ámbitos traballados

PRIORIDADES

Ademais das características urbanas dos lugares vinculadas aos usos e a centralidade que xeran, a cantidade e a gravidade dos problemas identificados na urbanización serviron de criterio para xustificar a orde de prioridade.

De entre os 10 lugares identificados como susceptibles de actuación, os 5 seguintes son os considerados prioritarios polas persoas que participaron no obradoiro:

1. Rúa da Torre (entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta)
2. Rúa Alcade Sanjurjo (entre Washington e Praza San Xosé)
3. Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez
4. Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - acceso ao CEIP Víctor López Seoane
5. Cruce da Avda. de Hércules, Verea da Polvoreira e Ramón del Cueto

Contornas escolares e áreas centrais

Durante todo o Proceso foron destacadas as rúas de acceso aos centros educativos do barrio, especialmente os CEIP Víctor López Seoane e Sanjurjo de Carricarte. Aparte dos problemas xerados polo exceso de coches que acceden ata as portas dos centros e a indisciplina de nais e pais ao volante á hora de aparcar, tamén se identificou o problema de acceso dos autobuses. As rúas visitadas están urbanizadas como o resto, sen medidas de acougado de tráfico ou equipamento que favoreza a calidade ambiental, a actividade lúdica e as relacións sociais.

Xunto ás contornas escolares, outros lugares considerados prioritarios son as interseccións centrais do barrio. A centralidade defínese por aqueles lugares con maior afluencia de persoas, concentración de actividades (comercio e equipamentos) e acceso ao transporte público.

5.4. PROPOSTAS: Alternativas de Deseño e Urbanización

O público participante no proceso mostrouse moi favorable a unha transformación do viario que facilite unha mobilidade activa e saudable, baseada na prioridade peonil e do transporte público, co fomento do uso da bicicleta e restricións ao uso do automóbil particular.

As medidas propostas polos participantes no obradoiro de deseño colaborativo e ao longo dos debates promovidos, poden organizarse en dúas categorías: de *Urbanización* e de *Ordenación da circulación*. A coherencia entre os dous tipos de medidas é clave para a eficacia das accións.

As *medidas de Urbanización*, son aquelas que afectan a configuración física do espazo viario e requieren obras de reurbanización, co obxectivo de ofrecer un soporte físico, seguro, flexible e habitable, coherente cun uso máis humano e equitativo do espazo público.

As *medidas de Ordenación da circulación* aplícanse mediante sinalización e afectan ao número e dirección dos carrís de circulación, a velocidade máxima e a relación de prioridade entre usuarios da vía. Tamén inclúen posibles restricións de acceso a determinados tipos de vehículos e horarios para a actividade de carga e descarga.

No cadro seguinte preséntanse as medidas por tipo e tramo correspondente e desenrólanse a continuación:

		TRAMO				
		Rúa da Torre - entre Campo da Leña e Rúa de Atocha Alta	Cruce das rúas da Torre e Curros Enríquez	Cruce rúas Vereda do Polvorín, Areal e Santo Tomás	Cruce rúas Suevia, Colón e Ártabra - CEIP Víctor López Seoane)	Rúa Alcade Sanjurjo - CEIP Sanjurjo de Carricarte
MEDIDAS	URBANIZACIÓN	Beirarrúa / calzada	●			
		Plataforma única	●	●	●	●
		Ampliación beirarrúa	●	●	●	●
		Novo arboledo	●	●	●	●
		Novos bancos	●	●	●	●
		Recolocar contenedor	●		●	
		Novo aparcabici	●	●	●	●
		Reducción aparcadoiro	●	●	●	
	ORDENACIÓN	Cambios sentidos	●			
		Paso peón - Novo	●	●		●
		Paso peón - Recolocado	●	●		
		Prioridade peonil	●	●		
		30 km/h máx.	●	●		
		20 km/h máx.		●		
		Reserva carga /desc.				
		Reserva PMR.	●	●		●
		Restricción acceso			●	●

Táboa síntese das propostas para cada un dos ámbitos traballados

URBANIZACIÓN

Plataforma única con ampliación do espazo peonil

As propostas resultantes do proceso apostan case todas pola eliminación dos elementos separadores na sección transversal. A solución en plataforma única foi recollida nas propostas en catro das cinco áreas traballadas en detalle.

Nas rúas onde se propuxo manter a diferenza de nivel entre beirarrúa e calzada, a accesibilidade universal foi tida en conta á hora de propoñer melloras nos pasos peonís, optándose por pasos elevados mediante badenes.

Propúxose a redución do ancho da calzada de circulación, con aumento da banda de circulación e estancia peonil e un carril exclusivo para autobuses nalgún tramo concreto.

O incremento de espazo peonil ou transporte público conséguese reducindo o número de carrís de circulación e o ancho dos mesmos, así como recolocando prazas de aparcamento. En xeral amplíase o ancho das beirarrúas para o paso cómodo de persoas e en lugares singulares aproveítase a dispoñibilidade de espazo para crear pequenas prazas para estar.

Mellora da vexetación e o mobiliario urbano

Para a humanización das rúas propúxose a plantación de árbores e outra vexetación, a disposición de bancos para sentarse no itinerario e a revisión da localización de farois, papeleiras, sinais e outros elementos que actualmente son obstáculos para a mobilidade a pé. Tamén propúxose o desprazamento dalgúns depósitos da colecta selectiva de lixo, que obstrúen o paso ou a visibilidade en interseccións e a relocalización dos soportes de bicicletas particulares e do sistema de bicicletas públicas, en calzada, ocupando actuais prazas de aparcamento.

Racionalización do espazo de aparcadoiro

Propúxose a redución do estacionamento nas rúas que conforman o Camiño do Vixía, especialmente naqueles tramos más estreitos e centrais, como na Rúa da Torre. O aparcamento irregular nos cruces sería evitado a través de ampliacións de beirarrúa. A racionalización do número de prazas tamén se aplica en tramos más locais do Camiño, onde o obxectivo é liberar espazo ocupado en illotes e interseccións sobredimensionadas con potencial para a estancia. Trataríase de converter o que agora son bolsas de aparcadoiro en prazas de proximidade.

ORDENACIÓN DA CIRCULACIÓN

Direccións e xiros obligatorios

En xeral non se propuxeron cambios nos sentidos de circulación nin nos xiros permitidos. Estas son medidas complexas que, ao implicar afeccións en todo o viario lindeiro, requieren unha análise a maior escala que excede o alcance do obradoiro.

Unicamente na glorieta do Campo da Leña expuxérонse cambios de ordenación co fin de xerar unha praza incorporando o espazo central da glorieta á beirarrúa norte da Rúa da Torre.

Pasos peonís, novos e mellorados

Tivérónse en conta as traxectorias naturais dos movementos a pé, para determinar a instalación de novos pasos de peóns ou recolocar os existentes. É unha medida que pretende mellorar a permeabilidade transversal do eixo e garantir a continuidade lonxitudinal dos traxectos, mediante o cruce cómodo e seguro das rúas perpendiculares.



Redución de velocidad e prioridade peonil

A velocidade máxima establecida foi 30 km/h, mediante a creación de Zonas 30 que establece ademais a prioridade peonil. Nalgúns casos os participantes propuxeron a regulación como rúa residencial. Nestes casos a velocidade máxima sería de 20 km/h e ademais da prioridade peonil, o xogo e o deporte estarían expresamente autorizados.

O carácter más ou menos local ou central das rúas é un criterio útil á hora de asignar o nivel da prioridade peonil en cada un dos tramos que componen ou son adxacentes ao *Camiño*.

Restrición de accesos

Para a redución da intensidade de circulación propúxose nalgúns casos a restrición de acceso, permitindo o paso exclusivamente dos vehículos de residentes, emerxencias e entrega de mercadorías. A restrición propúxose considerando unicamente as rúas obxecto do obradoiro e de aplicarse deberían de estudarse as consecuencias na circulación a maior escala.

A medida tamén foi barallada con carácter temporal nas contornas escolares nas horas de entrada e saída de estudantes.

Regulación e reservas de aparcadoiro

En todas as zonas traballadas propúxose o aumento ou a recolocación da reserva de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida, así como de carga e descarga nos tramos con actividade comercial e de prazas específicas para o embarque e desembarque de escolares na contorna dos colexios.

Cabería ademais estudar a posibilidade de ampliar a zona de regulación e pago do estacionamento en viario, considerando a relación entre demandas de residentes e visitantes por tramo, á hora de definir o carácter da dotación establecida.



5.5. APRENDIZAXES E PRÓXIMOS PASOS

A descripción do proceso demostra o interese e esforzo que supuxo seu desenvolvemento por todos os axentes involucrados (concello, equipo técnico e cidadanía). Aínda que a participación foi limitada considerando o numero e a diversidade de persoas que vive en Monte Alto, conseguiuse achegar a mensaxe a unha parte significativa da cidadanía politicamente activa no barrio, con capacidade de reproducción e difusión das ideas xeradas no proceso.

Para aproveitar o esforzo realizado polo conxunto de participantes e reforzar a confianza da cidadanía en experiencias de este tipo é fundamental prestar contas da utilidade do traballo. É dicir, xustificar ante a cidadanía como súas ideas foran consideradas, ou non, nos proxectos que finalmente se executen. Igualmente importante é dar visibilidade aos seus resultados e ampliar o alcance da información, por exemplo á xuventude e outros sectores non organizados da veciñanza.

Neste sentido e a corto prazo, algunas das solucións propostas nos obradoiros poderían poñerse en práctica, ao menos a modo de acción efémera ou proba piloto dunha transformación que pretende ser definitiva. Por exemplo, a acción peonil na rúa de Torre (*Prazuas e Ruazas*) podería ter lugar durante as festas da cidade no verán, ou máis adiante na Semana Europea da Mobilidade.

Finalmente, para seguir implicando a cidadanía na mellora das rúas de Monte Alto e contribuír na construción dunha cultura sólida de participación entre veciñas e veciños do barrio, cabe seguir co proceso participativo nas seguintes fases de implantación do *Camiño do Vixía*. Para que o proceso sexa eficaz debe ser tamén continuo, en tempo e espazo.